



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 6 DE FEBREIRO DE 2024

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 6 de febreiro de 2024 reúnense na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública extraordinaria urxente e en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D^a. María Amalia Díaz Rodríguez
D. Darío Santalla López
D. Jose Manuel Luaces Piñón
D. Diego Graña Pérez
D. Julián Blanco Rodríguez
D. Brais Prieto Verdial
D^a María de los Dolores Pita Anca

Secretaria-interventora: María del Carmen Sanmillán Villar

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da urxencia da sesión.

Aberto o acto, o Sr. Alcalde en cumprimento co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que é aprobado o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, manifesta que o primeiro punto a tratar é o pronunciamento sobre a urxencia da sesión.

Procédese a votar a urxencia co seguinte resultado:

Votos a favor: 5

Votos en contra: 3

Abstencións: 0

2. Participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2024

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen le a proposta de acordo co seguinte contido:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á ”achega provincial 2023”:



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:
Achea provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes: 82,424.35 €
Achea provincial 2023: 0 €
Total: 82,424.35 €

B) Financiamento de investimentos:

Obra abastecemento Abelleira-Hospital por un total de 38,979.79 € correspondente á achega provincial 2024

Con respecto á achega provincial 2023, temos as seguintes obras:

Abastecemento Area Recreativa O Castro por un importe total de 35,588.71 €

Peches campo de fútbol por un importe total de 34,701.08 €

Camiño acceso a Cuqueira e outros por un importe total de 32,029.29 €

Total das tres obras: 102.319,08 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)

Non se aplica nada, 0 euros.

D) Resumo:

| POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO | | Deputación | Concello | | | Orzamento Total |
|--|------------------------------|--------------|------------|--|----------------|-----------------|
| | | | Concello | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable) | Total concello | |
| A- GASTOS CORRENTES | Achea 2024 | 82,424.35 € | | | | 82,424.35 € |
| | Achea 2023 (Excep. base 2.1) | | | | | |
| B- INVESTIMENTOS | Achea 2024 | 34,108.41 € | 0.00 € | 4,871.38 € | 4871,38 | 38,979.79 € |
| | Achea 2023 | 90,372.34 € | 7,970.52 € | 3,976.23 € | 11,946.75 € | 102,319.08 € |
| C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN | Achea 2024 | 0.00 € | | | | 0.00 € |
| | Achea 2023 | 0.00 € | | | | 0.00 € |
| D- TOTAL | Achea 2024 | 116,532.76 € | 0.00 € | 4,871.38 € | 4,871.38 € | 121,404.14 € |
| | Achea 2023 | 90,372.34 € | 7,970.52 € | 3,976.23 € | 11,946.75 € | 102,319.08 € |
| | TOTAL | 206,905.10 € | 7,970.52 € | 8,847.61 € | 16,818.13 € | 223,723.22 € |



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Obra Gondredo-Piñeiro por un importe total de 59,345.51 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias. Aquí neste punto o Alcalde advirte que hai un erro, xa que non se dispón das concesións e autorizacións administrativas legalmente necesarias senon que se teñen solicitado pero que non é obrigatorio aos efectos da solicitude da subvención. Por tanto, as autorizacións necesarias foron solicitadas pero non se obtivo a data de hoxe resposta.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O Alcalde pregunta se hai algún comentario ao respecto.

Toma a palabra D. Brais Prieto para manifestar o seu descontento coa convocatoria urxente do Pleno, sinalando que hai que organizarse mellor porque xa non é a primeira vez que se convoca un pleno de urxencia para solicitar unha subvención.

O Alcalde resposta que se solicitaron os proxectos de obra ás empresas e que estas non enviaron os documentos ata o venres e o luns que foi onte. Expón as horas en que foron recibidos os proxectos por correo electrónico o pasado venres.

D. Brais di que esto somentes pasa neste Concello, que noutros Concellos non pasa isto, que se a empresa que fai os proxectos tarda tanto ao mellor hai que pensar en cambiar de empresa.

A continuación D. Brais pregunta por algún detalle das obras que se van a presentar e o Alcalde resposta ás dúbidas e ofrécelle ver os proxectos se o precisa.

3.- Participar no POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Ao abeiro do disposto nas bases reguladoras Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 publicadas no BOP de A Coruña número 227 do 29 de novembro de 2023, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases de Réximen Local, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Cerdido adoptar o seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ Adicional /2024: 33.295,07 euros

No primeiro e segundo apartado (a e b) non se pide nada.

Apartado c:c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas

O Alcalde aclara que estes importes irán destinados ao servizo de podoloxía e fisioterapia dos usuarios do servizo de axuda a domicilio e tamén a ampliar as horas do servizo.

Previsión de gastos: 27.695,07 €

Estimación doutros ingresos públicos ou privados: 5.000,00 euros

Estimación do gasto a financiar polo concello: 22.695,07 €

Previsión do importe a imputar ao Pos + Adicional 2024

Nos apartados d,e,f,g e h non se pide nada.

Gastos sociais extraordinarios-Investimento

i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.

Previsión de gastos: 5.400,00 euros

Estimación doutros ingresos públicos ou privados: 0 euros

Estimación do gasto a financiar polo concello: 5.400,00 euros



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Importe imputados ao Pos+ Adicional 2024: 5.400,00 euros

No apartado j non se pide nada

Total gastos sociais extraordinarios 2024:

Previsión de gastos 33.095,07 €

Estimación doutros ingresos 5.000,00 €

Estimación do gasto a financiar polo concello 28.095,07 €

Importe imputado ao Pos+Adicional 2024 28.095,07 €

Otros recursos propios do concello 0 €

Total gastos sociais extraordinarios 2024 33.095,07 €

Estimación doutros ingresos 5.000,00 €

Estimación do gasto a financiar polo concello 28.095,07 €

Importe imputado ao Pos+Adicional 2024 28.095,07 €

Otros recursos propios do concello 0 €

Importe solicitado para gastos correntes 22.695,07 €

Importe solicitado para investimentos (equipamento técnico asistencial para cesión I) 5.400,00 €

Total solicitado Pos+Adicional 2024 28.095,07 €

2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde pregunta se hai dúbidas sobre o gasto social e non hai preguntas.

A continuación procédese á votación do punto 2 do orde do día :Participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2024 co seguinte resultado:

Votos a favor: 8

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

A continuación procédese á votación do punto 3 do orde do día: Participar no POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión sendo as 20:58 horas, do que eu coma Secretaria-inteventora dou fe.



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Asinado: A Secretaria-interventora

M^a del Carmen Sanmillán Villar